

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON CARGO A LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

Liña de investigación*: 020. Línea estratégica VIT

Referencia axuda: FEX OPI

Título: Fondos externos de xestión da OPI

PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/02/2026 FIN: 31/01/2031

CENTRO Inv. Principal: Vicerrectorado de Investigación y Transferencia

LUGAR E HORARIO: Oficina de Proxectos Internacionais. Edificio de Servizos Centrais de Investigación, Campus de Elviña, de 08:00 a 15:00

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))

Investigador/a contratado/a doutor/a ☐Axudante de apoio á investigación ☐Xestor/a de investigación ☒ MECES 4Técnico administrativo/a e de xestión ☐Colaborador/a de investigación ☐ MECES ElegirAxudante administrativo/a ☐Técnico/a de apoio á investigación ☐ MECES ElegirXORNADA Tempo Completo: ☒Tempo Parcial: ☐

DATA APROX. INICIO CONTRATO:

TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒

RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2.541EUR*

PARTIDA ORZAMENTARIA: 050A240627

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Doctorado

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): María Amalia Jácome Pumar (adxunta de Investigación, TIT-UN, presidenta), José Antonio Mahía Saavedra (director da OCPI, PTXAS), Elena Solera Segura (directora da OPI, PCTI, secretaria). Suplentes: Roberto Rodríguez Martínez (director da EXI, PTXAS), José Anta Álvarez (TIT-UN), Yolanda Calaza Pajares (vicexerenta de Xestión da Investigación, PTXAS).

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprarán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 11 de 3 de 2026
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Jerónimo Puertas Agudo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

CRONOGRAMA DE FUNCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR LABORAL POR LIÑAS DE INVESTIGACIÓN E ESTRATÉXICAS

TEMPO ESTIMADO DE REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS	12 meses
---	----------

FUNCIÓN	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	DURACIÓN
Apoio ao persoal investigador na preparación, revisión e coherencia da documentación científico-técnica do proxecto ERC DIGIPRO, incluíndo informes periódicos e outra documentación requirida pola Comisión Europea ou pola Research Executive Agency.	01/04/2026	31/03/2027	12 meses
Seguimento técnico da execución do proxecto, apoiando a planificación e o control do cumprimento do plan de traballo, milestones e deliverables, de acordo co calendario establecido no proxecto ERC.	01/04/2026	31/03/2027	12 meses
Apoio á coordinación e xestión do proxecto DIGIPRO, garantindo o aliñamento das actividades do equipo investigador cos requisitos establecidos no Grant Agreement, a normativa europea aplicable e os procedementos internos da Universidade da Coruña. Esta función incluírá a coordinación administrativa e a interlocución coas distintas unidades da UDC implicadas na execución do proxecto (xestión económica, contratación, recursos humanos, servizos xurídicos, entre outras), co fin de asegurar o correcto cumprimento das obrigas administrativas, financeiras e de xestión do proxecto.	01/04/2026	31/03/2027	12 meses
Coordinación e interlocución continua coa investigadora principal, o xestor do proxecto e o equipo de investigación para garantir a correcta execución do proxecto e o seu aliñamento cos procedementos da Oficina de Proxectos Internacionais.	01/04/2026	31/03/2027	12 meses

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Marco normativo e xustificación da financiación do contrato

De conformidade coa Instrución de solicitude e xestión de proxectos europeos do Programa Horizon 2020 e doutros proxectos internacionais, así como dos custos indirectos e recursos liberados dispoñibles no marco destes proxectos de I+D, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de setembro de 2017, aplicable aos proxectos con Acordo de Subvención asinado con anterioridade ao 7 de maio de 2025, e co Acordo do 6 de maio de 2025 do Consello de Goberno, polo que se aproba a normativa sobre a promoción e xestión de proxectos de investigación internacionais da Universidade da Coruña, aplicable aos proxectos de I+D con Acordo de Subvención asinado a partir do 8 de maio de 2025, a Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) recibe unha porcentaxe dos custos indirectos xerados polos proxectos internacionais competitivos.

Naqueles proxectos que dispoñen de custos indirectos, estes recursos destínanse a reforzar a estrutura e as capacidades da OPI, co fin de proporcionar un maior apoio especializado ao persoal investigador da UDC, especialmente no relativo ao seguimento científico-técnico dos proxectos, á correcta preparación dos informes requiridos polos organismos financiadores europeos e ao acompañamento estratéxico durante a execución dos proxectos, así como ao apoio aos procesos de xustificación económico-administrativa en coordinación cos servizos competentes.

O presente contrato está asociado aos custos indirectos asignados á OPI derivados do proxecto ERC StG DIGIPRO, financiados con cargo á prefinanciación recibida da Unión Europea, e ten como obxectivo reforzar a capacidade da OPI para prestar apoio especializado ao proxecto.

Obxecto do contrato: contratación dun/dunha xestor/a de investigación para a xestión integral do proxecto DIGIPRO na Oficina de Proxectos Internacionais.

Tarefas a desenvolver

Colaborar na execución das tarefas e actuacións do proxecto mencionado, que consistirán en:

- Apoio ao persoal investigador no alíñamento do proxecto cos requisitos, procedementos e compromisos establecidos pola Unión Europea, garantindo a súa correcta execución conforme ao Acordo de Subvención e á normativa da UDC aplicable.
- Apoio na preparación, revisión e coherencia da documentación científico-técnica requirida polos organismos financiadores europeos.
- Coordinación e interlocución continua coa investigadora principal e co xestor do proxecto, co fin de aliñar ao equipo de investigación cos procedementos da OPI e cos requisitos da Unión Europea.
- Interlocución con todas as unidades da UDC que deban intervir na execución do proxecto, asegurando a correcta coordinación institucional e o cumprimento dos compromisos adquiridos.
- Contribución á mellora dos procedementos e capacidades de apoio á investigación internacional desenvolvidos pola OPI, especialmente en proxectos altamente competitivos como os financiados polo Consello Europeo de Investigación (ERC).

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Duración do contrato

A duración do contrato para a realización destas tarefas estímase indefinida, condicionada á dispoñibilidade dos fondos procedentes dos custos indirectos da prefinanciación recibida da Comisión Europea para o proxecto DIGIPRO.

Requisitos das persoas candidatas

- Doutoramento en áreas STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), requisito obrigatorio debido á temática do proxecto, xa que as funcións a desenvolver requiren unha sólida formación científica que permita o adecuado seguimento científico-técnico do proxecto e unha interlocución especializada co equipo investigador. Para a adscrición da titulación seguirase a clasificación establecida no RUCT (<https://www.educacion.gob.es/ruct/home>).

Procedemento de selección

Serán convocadas a entrevista as dúas persoas candidatas que obteñan a maior puntuación, sempre que esta sexa igual ou superior a 60 puntos na suma dos méritos correspondentes aos apartados 1 a 4 (ver sección de valoración de méritos).

Na entrevista valoraranse as capacidades, aptitudes e o perfil da persoa candidata, así como o seu coñecemento das tarefas específicas a desenvolver.

Para acceder á praza ou formar parte da lista de espera, as persoas candidatas deberán acadar unha puntuación mínima de 75 puntos. En caso de empate, aplicarase como criterio de desempate a puntuación obtida na experiencia profesional.

Documentación a presentar

- Documentación obrigatoria indicada en pé de páxina.
- Curriculum vitae, no que se detallarán os méritos seguindo o mesmo esquema e conceptos recollidos na táboa de valoración, especificando as tarefas realizadas en cada posto de traballo e a duración dos mesmos. Os currículos presentados nun formato distinto non serán valorados. A puntuación dos méritos estará referida a actividades desenvolvidas a tempo completo; en caso contrario, deberá acreditarse a porcentaxe de tempo de dedicación ás tarefas asociadas a cada criterio de valoración. Non se considerarán os méritos que non se detallen expresamente en cada un dos criterios de avaliación.
- Documentación acreditativa de todos os méritos alegados. A experiencia profesional verificarase mediante a presentación de contratos de traballo e declaración responsable na que se describa a vida laboral en actividades similares ás deste posto, de acordo cos criterios de valoración. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

Valoración de méritos

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

As candidaturas valoraranse sobre 100 puntos de acordo cos seguintes criterios:

1. Titulación (máximo 15 puntos).

1.1. Título de doutoramento en área STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas): 15 puntos.

2. Experiencia profesional (máximo 45 puntos).

2.1. Experiencia como xestor/a de proxecto ERC. 0,5 puntos por mes traballado. (Máximo 30 puntos).

2.2. Experiencia como xestor/a de proxectos europeos de I+D (programas marco da CE, INTERREG, etc.). 0,25 puntos por mes traballado. (Máximo 15 puntos).

2.3. Experiencia como investigador/a. 0,25 puntos por mes traballado. (Máximo 15 puntos).

3. Formación relacionada coas funcións do posto (máximo 10 puntos).

3.1. Cursos relacionados coa xustificación de proxectos europeos. 0,4 puntos por cada 4 horas de formación.

3.2. Cursos relacionados coa redacción e asesoramento na presentación de propostas a convocatorias europeas. 0,4 puntos por cada 4 horas de formación.

4. Idiomas (máximo 5 puntos).

Título de nivel C1 de inglés: 5 puntos.

5. Entrevista persoal (máximo 25 puntos).

Realizarase unha entrevista persoal na que se valorará a capacidade para desempeñar as funcións do posto, así como as aptitudes, competencias profesionais e o perfil da persoa candidata. Así mesmo, avaliarase o seu coñecemento dos procedementos dos programas europeos de financiamento da I+D e das tarefas específicas a desenvolver, así como a súa capacidade de coordinación e comunicación co persoal investigador e coas unidades implicadas.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*